

X. C. Sousa Fernández (2004): “A alternancia de cláusulas de infinitivo e completivas conxuntivas como obxecto no galego moderno”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 217-223.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

A ALTERNANCIA DE CLÁUSULAS DE INFINITIVO E COMPLETIVAS CONXUNTIVAS COMO OBXECTO NO GALEGO MODERNO

Xulio C. Sousa Fernández

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Entre os verbos transitivos que presentan como complemento directo unha cláusula pódese xerbrar un grupo de verbos que comparten unha característica: a posibilidade de que o elemento subordinado poida ser unha cláusula con verbo finito (CF) ou unha cláusula de infinitivo (CI). O estudo destes dous tipos de complementación foi abordado desde moi distintas teorías sintácticas co fin de atopalo factor que explique a súa distribución. Os estudos centráronse fundamentalmente na análise da cláusula subordinada de infinitivo, xa que na maior parte deles se presentaba como secundaria respecto á CF ou como resultado dunha redución desta última, que era considerada a forma lexítima de complementación. Só nas investigacións máis recentes comezou a repararse na necesidade de situar ó mesmo nivel os dous tipos de complementación e de estudar ambos conxuntamente.

Os elementos que se levan proposto como determinantes na distribución das dúas formas de complementación son de orde moi distinta¹. Algúns autores consideran esenciais as propiedades semánticas do verbo rexente (Kiparsky, Grimshaw, Suñer, Ruwet, Lemhagen), outros ven unha conexión estreita entre a forma da complementación e a correlación temporal esixida polo verbo rexente (Raposo, Picallo, Hernanz), tamén os hai que xulgan primordial a vinculación entre os suxeitos das dúas accións (Hernanz) e algúns dos anteriores resaltan tamén a función desempeñada pola categoría modo.

Nesta exposición vou facer unha revisión sumaria do comportamento que mostra en galego o grupo de verbos que presentan os dous tipos de complementación con respecto ós catro factores apuntados. Con este recoñecemento pretendo examinalas relacións existentes entre a selección da forma da completiva e os axentes propostos como determinantes.

¹ As investigacións desenvolvidas nas últimas décadas sobre a complementación demostraron que a distinción realizada por Lemhagen entre “facteurs principaux” e “facteurs secondaires” resulta hoxe pouco operativa e de difícil xustificación.

Do conxunto de verbos que en galego permiten as dúas construcións escolmei seis verbos, cada un deles arquetipo dunha media ducia de grupos que é posible illar cos catro riscos considerados. Os verbos son *desexar*, *mandar*, *crer*, *fnxir*, *aceptar* e *oír*², e a súa caracterización resúmese no cadro que se presenta ó final do artigo.

1. AS RELACIÓNS ENTRE OS SUXEITOS DAS DÚAS PREDICACIÓNS

Os suxeitos da cláusula principal e da subordinada poden mostrarse como coincidentes ou como diverxentes na referencia. Mentres que na CF o suxeito do verbo subordinado queda sempre explicitado pola concordancia da forma verbal, o infinitivo da CI non ten marcas que permitan a identificación da función sintáctica suxeito. O emprego da CI supón que o suxeito se determina por medio de procedementos distintos ó da concordancia³. Os dous procedementos son a correferencialidade dos suxeitos, o suxeito da principal e o da subordinada teñen o mesmo referente, e a expresión do suxeito da cláusula dependente baixo a forma de complemento da cláusula principal⁴.

No conxunto de verbos estudados obsérvase unha tendencia elevada a que a CI se empregue nos casos de correferencia e a CF cando non se dá a coincidencia dos dous suxeitos no referente⁵. Este comportamento pode apreciarse nos verbos *desexar*, *crer* e *aceptar*. *Desexar* e *aceptar* teñen como única expresión para a correferencia a CI (1a e 2a), e seleccionan a CF cando os suxeitos dos dous verbos son distintos (1b e 2b). *Crer* escolle a CF como única forma de expresión cando non se dá identidade dos suxeitos (3c), e CF ou CI cando se dá a correferencialidade (3a e 3b).

- 1a. María desexa ir
- 1b. María desexa que Luís vaia
- 2a. María acepta renunciar ó cargo
- 2b. María acepta que Luís renuncie ó cargo
- 3a. María cre estar segura
- 3b. María cre que está segura
- 3c. María cre que estás segura

Os outros tres verbos mostran un comportamento distinto respecto a este valor. Por un lado, con *mandar* e *oír* o máis común é que os dous suxeitos non sexan correferen-

² *Aceptar* co significado de ‘permitir’, *crer* como sinónimo de ‘considerar’ e *oír* co valor de ‘percibir’ (nunca co de ‘escoitar dicir’).

³ Deixo á parte as ocorrencias, raras hoxe en galego, de infinitivos dependentes en forma persoal. Para unha análise destes casos no portugués pode consultarse o artigo de Raposo (1987).

⁴ Este procedemento pode denominarse tamén como de correferencialidade; neste caso entre un complemento da cláusula principal e o suxeito da secundaria.

⁵ Do estudio de 322 verbos do castelán Levy tira os seguintes datos: correferencialidade con CI, 133 verbos; correferencialidade con CF, 8 verbos; non correferencialidade con CI, 11 verbos; non correferencialidade con CF, 222 verbos.

tes, sen embargo con eles calquera dos dous tipos de subordinación é posible. Con estes dous verbos, ó selecciona-la CI aparece un complemento dependente do verbo principal que coincide na referencia co suxeito do infinitivo⁶. O verbo *finxir*, por outra banda, non tolera diverxencia nos suxeitos.

- 4a. María manda a Luís marchar
- 4b. María manda que Luís marche
- 5a. María oe a Luís marchar
- 5b. María oe que Luís marcha
- 6a. María finxe durmir
- 6b. María finxe que dorme

2. A CORRELACIÓN TEMPORAL

A influencia do tempo da forma verbal rexente sobre a temporalidade da completiva maniféstase na correlación temporal. Tanto os valores temporais contidos no lexema do verbo principal como as marcas gramaticais de temporalidade condicionan a forma e o valor do predicado da complementación. O verbo da CF pode en principio adoptar-las marcas necesarias para situarse no pasado, no presente ou no futuro respecto ó referente sinalado polo verbo da cláusula principal. O infinitivo da CI, pola súa banda, non está provisto de marcas para a expresión da temporalidade. A forma non finita preséntase indeterminada respecto ó tempo, e este valor debe ser recuperado a partir do verbo principal. Pódese inferir polo tanto que canto menor sexa o grao de liberdade de selección temporal que admita o verbo da cláusula principal, maior será a posibilidade de que apareza a CI.

No conxunto de verbos estudados, o emprego de *desexar*, *aceptar* e *mandar* supón unha forte dependencia da temporalidade da subordinada respecto do verbo principal: o desenvolvemento da acción secundaria só pode ser posterior ó da principal.

- 1a. María desexa ir
- 1b. María desexa que Luís vaia
- 4a. María manda a Luís marchar
- 4b. María manda que Luís marche
- 2a. María acepta renunciar ó cargo
- 2b. María acepta que Luís renuncie ó cargo

Os verbos *oír* e *finxir* tamén esixen restricións na correlación temporal. A acción sinalada polo verbo da subordinada é sempre simultánea á do verbo principal.

⁶ Esta coincidencia orixinou dificultades á hora de interpreta-la función sintáctica dese complemento. Tradicionalmente, aínda que con moitos reparos, considerouse como un argumento con dobre función (complemento do verbo principal e suxeito do infinitivo); os principios desta interpretación fundamentan as distintas análises formuladas desde a gramática transformacional.

- 5a. María oe a Luís marchar
- 5b. María oe que Luís marcha
- 6a. María finxe durmir
- 6b. María finxe que dorme

Co verbo *crer* non hai dependencia ningunha entre a temporalidade do verbo principal e a do verbo da subordinada. O desenvolvemento da acción da cláusula subordinada pode ser anterior, simultáneo ou posterior ó do verbo da cláusula principal.

- 3a. María cre estar segura
- 3b. María cre que está segura
- 3d. María cre que estará segura
- 3e. María cre que estivo segura

Ó observa-lo comportamento da dobre complementación no grupo de verbos estudados con respecto ó parámetro da temporalidade pode pensarse en establecer unha regra que rece así: a dobre complementación é posible cando o verbo da cláusula principal supoña unha correlación temporal determinada. Aínda que a regra parece ter validez para case tódolos verbos, axiña se encontran motivos para anula-la súa efectividade. En primeiro lugar, non é un principio propio e exclusivo dos seis verbos que se analizan, en realidade é un risco definitorio de moitos verbos que presentan infinitivos dependentes, por exemplo, atangue tamén a verbos modais como *deber*, co que é imposible a subordinación con CF. En segundo lugar, o verbo *crer* non se comporta conforme a esta regra. O verbo da CF subordinada a *crer* móstrase temporalmente independente, e sen embargo *crer* permite tamén a construción con CI. A primeira e máis común interpretación que se fai do enunciado 3a é como parello de 3b, mais coa presenza doutros elementos que determinen a referencia temporal tamén é posible facelo correspondente de 3d e 3e.

- 3a'. María cre estar segura do que di \Leftrightarrow 3b'. María cre que está segura do que di
- 3a''. María cre estar segura diante do tribunal que a examinará \Leftrightarrow 3d'. María cre que estará segura diante do tribunal que a examinará
- 3a'''. María cre estar segura cando fixo a pregunta \Leftrightarrow 3e'. María cre que estivo segura cando fixo a pregunta

A imprecisión temporal que supón o uso do infinitivo queda salvada no caso dos primeiros cinco verbos (*desexar*, *mandar*, *aceptar*, *oír* e *finxir*) polo verbo principal, que limita e establece as posibilidades temporais do infinitivo. No caso do sexto verbo (*crer*), será o contexto o que fixe as relacións temporais entre as dúas accións.

3. A CORRELACIÓN MODAL

Do mesmo xeito que na temporalidade, a subordinación tamén repercute no modo adoptado polo verbo da cláusula dependente. Respecto á selección do modo da CF os

verbos analizados repártense en dous grupos. *Desexar*, *mandar* e *aceptar* constrúense con completiva en subxuntivo, mentres que *crer*, *finxir* e *oír* escollen o indicativo⁷.

- 1b. María desexa que Luís vaia
- 2b. María acepta que Luís renuncie ó cargo
- 4b. María manda que Luís marche
- 3b. María cre que está segura
- 5b. María oe que Luís marcha
- 6b. María finxe que dorme

O modo subxuntivo na subordinación mostra características comúns co infinitivo; os dous aparecen só en cláusulas subordinadas e amais precisan que o verbo rexente marque unha referencia temporal. A pesar desta proximidade, o comportamento dos verbos demostra que a CI pode ser alternativa dunha CF independentemente do modo que adopte o verbo.

Poñendo en relación o valor modal co primeiro parámetro analizado, obsérvase que os verbos que rexen subxuntivo teñen un trazo común: na construción coa CF non se dá nunca a correferencia de suxeitos. Por outra parte, os verbos que se constrúen con subxuntivo son os que na sección anterior se viu que lexicamente definen de maneira estricte a correlación temporal da acción secundaria cara ó futuro; os que presentan indicativo na CF son os dous nos que a correlación temporal é de simultaneidade (*finxir* e *oír*) e mais *crer*, que non fixa a correspondencia temporal que se debe establecer entre as dúas accións.

4. PROPIEDADES SEMÁNTICAS DO VERBOS

Resulta evidente que o predicado determina en boa medida as propiedades sintácticas e semánticas da construción na que se integra e ademais establece restricións nas características categoriais dos constituíntes da cláusula. Está comprobado tamén que verbos con riscos semánticos comúns mostran ás veces afinidades no seu comportamento sintáctico. Estes feitos permiten o establecemento de clases de predicados definidas polas súas propiedades semánticas e sintácticas (verbos causativos, verbos factitivos, verbos de modais, etc.).

No conxunto de verbos estudados resulta difícil procurar un risco semántico que poida vincularse coa propiedade sintáctica que comparten. *Desexar* e *mandar* poden xuntarse no grupo dos verbos que expresan volición, *oír* é un verbo de percepción física, *aceptar* e *finxir* forman parte dos denominados actitudinais (verbos indican a actuación de alguén respecto a unha acción) e *crer* considérase que indica percepción intelectual.

⁷ O verbo *crer* pode construírse con subxuntivo cando o verbo principal aparece negado: *Non creo que estea segura*.

Nin sequer o trazo da voluntariedade ([+WILL]) que Suñer sinala como compartido polos verbos que rexen CI se descobre en todos.

CONCLUSIÓN

O primeiro resultado que se pode extraer da análise dos catro factores considerados é que ningún deles serve illadamente como risco diferenciador dos verbos que permiten a complementación con CI e CF. Pola maior frecuencia con que se dan determinadas propiedades si que é posible trazar unha descrición do grupo. Este conxunto de verbos acostuma presentar unha distribución complementaria da dobre complementación, na que a CI se selecciona habitualmente cando se dá a identidade referencial dos dous suxeitos. Amais, a maioría son verbos que marcan unha rexencia temporal moi definida. A temporalidade e a correferencialidade son polo tanto os dous factores que se revelaron como máis útiles na caracterización. Sen embargo, cómpre salientar que son parámetros que serven simplemente como caracterizadores e non como definitorios, xa que son compartidos con outros verbos que non caben dentro da clase estudada.

A diversidade de comportamentos que se advirte na distribución das dúas formas de complementación fai repensa-la afirmación de que a complementación con CI é subsidiaria respecto á CF. Á vista das ocorrencias en que se presentan as dúas formas, non é doado manter que o sentido en que operan as restricións ou regras debe trazarse sempre tendo a complementación conxuntiva como orixe.

Verbo	<i>Suxeitos</i>				<i>Modo</i>		<i>Temporalidade dependente</i>	<i>Semántica voluntariedade</i>
	<i>correferente</i>		<i>non c-ref</i>		<i>Subx.</i>	<i>Ind.</i>		
	<i>CI</i>	<i>CF</i>	<i>CI</i>	<i>CF</i>				
desexar	+	-	-	+	+	-	+	+
mandar	-	-	+	+	+	-	+	+
crer	+	+	-	+	-	+	-	-
finxir	+	+	-	-	-	+	+	+
aceptar	+	-	-	+	+	-	+	+
oír	-	+	+	+	-	+	+	-

BIBLIOGRAFÍA

- Bošković, Željko, "Selection and the categorial status of infinitival complements", *Natural Language and Theory*, 14, 1996, pp. 269-304.
- Grimshaw, Jane, "Complement Selection and Lexicon", *Linguistic Inquiry*, 10, 1979, pp. 279-326.

- Hernanz Carbó, Manuel, *El infinitivo en español*, Barcelona, Universidad Autónoma de Barcelona, 1982.
- Kiparsky, Paul / Kiparsky, Carol, "Fact". En Bierwisch, Manfred / Heidolph, Karl (eds.) *Progress in Linguistic. A collection of papers*, The Hague, Mouton, 1970, pp. 141-173.
- Le Goffic, Pierre, *Grammaire de la Phrase Française*, Paris, Hachette Livre, 1993.
- Levy, Paulette, *Las completivas en español*, México, El Colegio de México, 1983.
- Lemhagen, Gunnar, *La concurrence entre l'infinitif et la subordonnée complétive par que en français contemporain. I. Introduction*, Uppsala, Université d'Uppsala, 1979.
- Picallo, M.^a Carme, "The INFL Node and the null subject parameter", *Linguistic Inquiry*, 15, 1984, pp. 75-102.
- Raposo, Eduardo, "Some asymmetries in the binding theory in Romance", *Linguistic Review*, 5, 1985, pp. 75-110.
- Raposo, Eduardo, "Case Theory and Infl-to-Comp: The inflected infinitive in European Portuguese", *Linguistic Inquiry*, 18, 1987, pp. 85-109.
- Rizi, Lorenzo / Salvi, Giampaolo, *Grande grammatica italiana di consultazione*, vol. II, Bologna, Il Mulino, 1991.
- Ruwet, Nicolas, *Syntax and Human Experience*, Chicago, The University of Chicago Press, 1991.
- Suñer, Margarita, "On the referential properties of embedded finite clause subjects", en Bordelois, Ivonne / Contreras, Heles / Zagona, Karen: *Generative Studies in Spanish Syntax*, Dordrecht, Foris, 1986, pp. 183-186.